

Lido e Contado



IES BASANTA SILVA
Dpto. Lingua Galega e Literatura

Curso 2012-13

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.

2. PROCEDEMENTOS E OBXECTIVOS.

3. CONTOS POPULARES, CONTOS LITERARIOS, LENDAS E MITOS:

3.1. O CONTO POPULAR:

"O sapo e o raposo"

O caldo de pedra

3.2. O CONTO LITERARIO:

"A velliña vella", VICENTE RISCO

"Antón de Cidrán", ÁNXEL FOLE

"As meigas atinan sempre", ÁNXEL FOLE

"O traxe de meu tío", ÁNXEL FOLE

"Aurelio e maila xitana", ÁLVARO CUNQUEIRO

"Sobre da morte do Bieito", RAFAEL DIESTE

CURTAMETRAXE: "Os difuntos falaban castelao"

3.3. A LENDA.

3.4. ALGÚNS SERES MÍTICOS GALEGOS.

1. INTRODUCCIÓN

O ser humano non pode vivir sen mitos, sen contos ou sen lendas porque todas estas historias atinxen as crenzas máis fondas dunha sociedade, explican a orixe das cousas, do mundo.

Galiza é un pobo cunha riquísima literatura oral. O noso imaxinario popular está poboado de seres que, a cabalo entre o mitolóxico e o cotián, interveñen de xeito constante na nosa vida. Son os mouros e mouras, os nubeiros, as meigas, os biosbardos, os trasnos, os demos, o lobo da xente, o Sacaúntos, a Santa Compañía... E estes teñen relacións cos humanos, unhas veces para protexelos e beneficialos, outras para castigalos de xeito despiadado.

Estas criaturas teñen a súa orixe nas lendas populares, que forman parte do noso patrimonio inmaterial, transmitido oralmente de xeración en xeración. Pero esa cadea de transmisión non debe romperse, ten que continuar, e esas historias han de ser conservadas como parte dun valioso tesouro se queremos conservar a nosa identidade como pobo.

1. INTRODUCCIÓN

Agora xa non se escoitan no noso ámbito familiar aqueles contos tradicionais que noutro tempo os pais e avós contaban nos momentos de traballo ou de lecer. Tampouco se presta atención ao saber tradicional: a mensaxe dos cantos dos paxaros, os poderes das herbas. Simplemente, coidamos que non son deste tempo.

Porén, acreditamos noutros personaxes e historias doutras lendas máis contemporáneas, as chamadas *lendas urbanas*, sen decatármonos de que teñen o mesmo carácter fabuloso. Resulta curioso que haxa quen non oíra falar da Santa Compañía, pero si das historias da güija para comunicarse cos supostos espíritos, ou da moza da curva, do sorriso do pallaso ou dos ladróns de órganos.

Pois ben, o que pretendemos con este *intercambio de historias* é estimular o voso interese para que nun futuro vós sexades partícipes na difusión desta literatura de tradición oral. Pero para iso tédela que coñecer e gozar dela.

2. PROCEDEMENTOS E OBXECTIVOS

A tarefa consiste en realizar un traballo individual de investigación sobre lendas, preferiblemente chairegas, que logo serán narradas na aula. Pero, para contar ben hai que partir de algo coñecido.

- Primeiramente leremos e veremos algunha animación de contos populares, lendas e contos literarios - neste caso de autores clásicos que gostaron de recrear ambientes e personaxes moi semellantes aos dos contos populares- para establecer as diferenzas entre estes tipos de textos narrativos.
- A continuación, lembraremos algúns dos personaxes fantásticos que máis aparecen na nosa mitoloxía popular, nas nosas lendas.
- Por último, ídeslle ler a un dos vosos maiores- familiar, achegado, veciño de idade- o conto literario que se vos reparte.
- A cambio, pedídeslle que vos conte algunha lenda, conto, cantiga popular, remedio caseiro,...que vós recolleredes por escrito, facendo unha transcripción fidedigna da súa fala.

2. PROCEDEMENTOS E OBXECTIVOS

- A lenda deberase acompañar dunha ficha, cos seguintes datos:
 - NOME E IDADE DO INFORMANTE.
 - RELACIÓN CO ALUMNO/A.
 - LUGAR DE RESIDENCIA: concello, parroquia, lugar.
- Os OBXECTIVOS desta unidade didáctica son, a través da cultura tradicional:
 - Fomentar a convivencia cos nosos maiores.
 - Fomentar a escoita e a análise crítica.
 - Incrementar o espírito de curiosidade e creatividade.
 - Animar á lectura.
 - Traballar a comunicación oral e os seus valores: riqueza expresiva, bagaxe léxica, capacidade de manter o suspense e a atención do auditorio...

3. CONTOS POPULARES, CONTOS LITERARIOS, LENDAS E MITOS

- O conto, a lenda e o mito son subxéneros narrativos.
- O conto é unha narración breve en prosa de feitos imaxinarios.
Pode ser:
 - ❖ popular
 - ❖ literario

3.1. O CONTO POPULAR

- Narra acontecementos ficticios.
- O seu espazo e tempo son imprecisos.
- Pertence á literatura tradicional, anónima
- É de transmisión oral, polo que soe ter diferentes versións en distintos lugares. Aínda así, pode chegar á escrita por parte de autores que os versionan, parcialmente modificados.
- Os seus personaxes son arquetipos estereotipados. Hai contos de animais (fantásticos ou reais: lobos, raposos, galos,...) que, a xeito de fábula se comportan como humanos; de costumes (cregos, oficios, crenzas,...); de seres fantásticos (trasnos, demos,...)
- A miúdo ten valor didáctico. A súa principal función é a de ensinar entretendo e a de transmitir os valores sociais dunha comunidade.

3.2. O CONTO LITERARIO

- É unha narración que ten un autor coñecido.
- Transmítese por escrito.
- Presenta variedade de temas.

Pero hai unha literatura galega debedora da tradición oral, a de Autores clásicos como Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Vicente Risco, ou a de novos autores como Xosé Miranda, Antonio Reigosa, ...

Nesta unidade queremos partir de seis desas lecturas, para que nos axuden a abrir camiño:

3.1. O CONTO POPULAR

- ***"O sapo e o raposo"***: Podedes ver este vídeo baseado nun conto tradicional galego, producido polo Xabarín Club da TVG para apoiar a campaña do Patrimonio Inmaterial Galego na UNESCO.

<http://youtu.be/g9arSG5Peh4>

- ***"O caldo de pedra"***: Agora, un film de animación baseado nun conto popular portugués, neste enlace:


<http://youtu.be/pFZ9IHkNyfM>

3.2. O CONTO LITERARIO

DE **VICENTE RISCO** imos ler "**A velliña vella**", un relato didáctico e alegórico no que os seus protagonistas non son simples personaxes (a velliña vella representa a Galiza; o avogado, o escritor, o emigrante e o labrego son os seus fillos, os galegos).

- ❑ Risco quiere amosarnos a dimensión espiritual da cultura galega, e vincula a nosa identidade coas orixes celtas e os valores do cristianismo.
- ❑ TEMÁTICA: neste relato dános a súa visión decadente e pesimista sobre a situación da Galiza do seu tempo, que se atopa soa, triste, deshonrada, espoliada, reclamando a axuda dos seus fillos máis influíntes, quen, ou non lle fan caso ou din non poder axudala, ata que decide chamar na pedra dos xentís aos seus antergos.

3.2. O CONTO LITERARIO



A velliña vella

"Principio dunha historia", VICENTE RISCO

O escudeiro Pai Soares, que non fora na súa vida ao San Andrés de Teixido, ergueuse na súa cova e tomou camiño cara ao norte.

Camiñando, camiñando, surtiulle unha velliña vella, branca coma o luar, de loito vestida. Pai Soares fincou os xeonllos no chan e beixoulle os pés.

- Para onde vas, Pai Soares?
- Lonxe, cara ao Norte, ao San Andrés de Teixido.
- Non entrarás no ceo se aló non vas...
- Ides soíña e tristeira...
- Coroa podía eu levar na miña testa!
- Se tivésedes fillos que a recadasen!
- Logo é certo que o mundo principia unha nova vida?
- Andan a crebar as vellas madeiras.
- Tamén eu vou chamar aos meus fillos...



E a velliña colleu para a vila e chamou á porta dun seu fillo que era avogado.

- Veño a que defendas o meu dereito.

- Cal é, logo, o voso dereito?

- Houbo un tempo no que toda esta terra era miña, e os meus fillos tamén eran meus. Mais viñeron os meus veciños e fixéronse donos dos meus eidos, e mais ensañáronse na miña honra. E trocaron de tal xeito aos meus fillos, que case non os coñezo, nin eles me coñecen a min. Tanto se imitan aos estraños... E como ti es avogado, quero que defendas o meu dereito, para que me fagan xustiza e me volvan os meus fillos, e me volvan o meu casar.

Respondeu o avogado:

- Señora, eu non podo defender o voso dereito, que non está escrito en ningún código. Eu non defendo máis que os dereitos que estean amparados pola lei.

E a velliña vella marchou coa alma amargurada pola ruada da orballeira frienta, e foi onde un seu fillo que era escritor.

- Onda ti veño para que me defendas. Ti escribes nos papeis e os homes escóitante. Fixéronme inxustiza e tiráronme o que era meu. O meu fillo avogado non me quere defender, porque o meu dereito non está nos códigos. Mais ti has falar por min, para que a xente faga leis que me amporen.



Respondeu o escritor:

- Señora, a xente dáme tino porque lle falo do que ela quere. Quen ten que ver co voso dereito? Eu non vos podo defender, senón perderei o creto.

E a velliña vella marchou coa alma amargurada pola rúa chuviñenta, petar a outra porta. E foi ver a un seu fillo que viñera das Américas con moito diñeiro.

- Aquí veño, onda ti, porque os que me podían defender desbótanme; non queren pedir para min xustiza, nin vingar as aldraxes que me fan. É que me ven pobre. Mais ti darasme cartos e erguerei todos os meus fillos atrás de min.

Respondeu o americano:

- Señora, eu teño que atender cos meus cartos ás obras que traio entre mans: eu fago escolas, asilos e hospitais que pasman á xente e pregoan o meu nome. Se eu vos dese tino, quen me ía chamar gran filántropo?

E a velliña vella fuxiu da vila e principou a andar por unha corredoiro enlamada. Ao pé do camiño atopou a un dos seus fillos, que era labrego, traballando nun eido.

A velliña vella faloulle:

- Eu tiña terras, e xa non as teño; tiña fillos e os fillos déixanme. Andei a pedir xustiza, pecháronme todas as portas...



O labrego respondeu:

- Señora, o que a vostede lle pasa, levar lévame lástima... Abofé que ma leva!...

Mais neste mundo cada un goberna a súa vida e procura do seu... Velaí está: se viñese un goberno que quitase os foros, que quitase os caciques, que quitase os trabucos...

E revolveuse e seguiu sachando no eido.

A velliña vella, magoada e tristeira, foi andando, andando,...

O escudeiro Pai Soares tornaba da súa romaxe, en procura da súa campa na igrexa da aldea. No medio da gándara esquiva, atopou á velliña vella a carón dunha pedra das que chaman pedras dos xentís.

Estaba petando nela cun croio, para espertar aos que dormen debaixo o sono eterno...

3.2. O CONTO LITERARIO

- De **ÁNXEL FOLE** imos ler varios relatos, pertencentes ao seu libro ***Á lus do candil***.
 - Este autor quixo devolverlle ao conto literario o engado do conto popular, sinxelo, que vai de boca en boca, e para iso utilizou a técnica do *conto contado* e un galego popular e dialectal.
 - Os seus relatos son orixinais, pero á vez están ateigados dunha forte tradición. Neles aparecen o misterio, o humor, as crenzas populares, o sobrenatural, todo ambientado nun mundo material e rural.

3.2. O CONTO LITERARIO



"Antón de Cidrán", ÁNXEL FOLE

Inanque lle pareza mentira, o señor de Sabarei falaba moitas veces comigo, mao a mao, coma se fora do meu igual. Era o home máis cómpito do mundo. Contoume isto en Lugo, nunha tasca de Mosqueira. Gostáballe moito andar polas tascas, por moi ben traxeado que fose. Moi prantado il, robusto e sanguíneo. Sempre viña a Lugo montado nun cabalo branco.

Antón de Cidrán era un labrego do Páramo, que tamén trataba en madeiras. O señor de Sabarei díxome que era home moi botado pra diante e que se gobernaba moi ben na súa casa.

Unha vez veu a Lugo co seu compadre Pedro. Os dous viñeran a cabalo. Era polo San Froilán i o tempo estaba moi lento.



Aínda non se fixera o feiral que hai hoxe. Xa sabedes que tódolos labregos, en tres leguas á redonda, van a Lugo polas festas do San Froilán. Inanque non vaian mercar nin vender. Tan soio por ver os fuegos e por comer o pulpo. Mais iles foran a Lugo por rematar un contrato de travesas prá vía do tren.

Pola mañá fixeran o contrato. Os dous estaban moi ledos, pois lles quedaban libres máis de sete mil reás. Levábanse moi ben e faguían moi bos choios. Nunca rifaban polos seus asuntos. Eran homes moi cabales iles, e non andaban un nin outro con díxome, díxome nin con pataqueiradas. Tanto custa tanto che dou. Mercaron algunhas cousiñas para as mulleres, e fóronse comer o pulpo a unha taberna da rúa do Miño. Comeron e beberon a embute, coma dous abades. E despois fóronse ao Café Español e tomaron os seus cafeses e as súas copiñas. E veña unha volta pola feira a ver as barracas.

Coma lles foran ben as cousas, tamén había que merendar. Deixaron as bestas en cas Cosme, na mesma praza da feira, que se chamaba a prazuela da Herba. Ninguén coma Cosme pra preparar axiña unha merenda. E que bon viño de Chantada tiña! Alí estiveron outro bon rato, bebendo e parolando... O caso é que cando chegaron a Canturín xa era noite pecha.



Camiña que te camiña, logo chegaron a Paradela. Antón propoñíalle ao seu compañeiro que mercara nunha serrería que se vendía na Puebla. Pedro dicíalle que era mellor coller en aparcería o muíño de Moscán. Faríanse ricos en poucos anos. Mais Antón vía millor o da serrería. Por que non a serrería e o muíño? Gañarían moito máis, que é do que se trataba. Os dous vían chover onzas do ceo.

Tiñan que atravesar a campa de Xan da Cruz, pois decidiran, pra estar máis cedo na casa, deixar a carretera e ir polo atallo. Aquila campa é moi grande. Alí encórase moito a iauga polo tempo das choivas da outonía.

Pedro faláballe a Antón dos bos pesos que iban gañar co muíño e a aparcería. O viño facíalle ver todo moi doado. Xa estaban fronte da campa. O seu compañeiro non lle contestaba. Tívolle que berrar:

- Que che pasa, home, que non dis nada?
- Para a besta- díxolle Antón.

Pedro notoulle algo moi raro na voz. Coma se collese medo, vamos. E tirou das rendas á besta. Preguntoulle:

- E que nos saen ao camiño? Levo un bo revólver no peto da cueira do pantalón.
- Non ves- díxolle o seu compañeiro- unhas luces fronte de nós, pola campa adiante? Por antre os carballos levan unha caixa de morto nun carro.



- Eu- contestoulle Pedro- non vexo luces nin nada. Xa che dixen que non beberamos tanto. Ti tiveches a culpa.

- Xuraría- díxolle Antón- que vin un enterro. Agora xa non vexo nada. Inanque me diran canto val o mundo, non atravesaría a campá. Vamos polo camiño da Encomenda, aínda que teñamos que arrodear.

E dicindo isto, meteu espuelas á besta. O seu compañeiro tivo que o seguir. Unha hora despois deixábao na casa.

Ao día seguinte, Antón fi varexar as castañas, pola mañá ben cediño. Cando estaba no cimo do castiñeiro esvarou e caíu. Debaixo había un carro cheo de ourizos. Espetouse nun fungueiro polo bandullo, e saíulle a punta polo lombo. Levárono á casa. Mais chegou xa difunto.

Todo aquilo día chovera a todo meter. A campá de Xan da Cruz estaba no camiño do camposanto. Toda ela se asulagara. Tiveron que levar a caixa nun carro de bois.

É ben certo que o que ve o seu enterro en vida, xa está cun pé no outro mundo.

3.2. O CONTO LITERARIO

"As meigas atinan sempre", ÁNXEL FOLE



Eu iba de Seivane pra Vigo cun camión de madeira. Eran vigas de concheiro e de castiñeiros bravos das devesas de eiquí, do Courel. Levounos dous días derrubalas e tronzalas, pois o terreo é moi costento. Inda parece que estou ouvindo as ruxidoiras daqueles ríos de escumas de neve, que se esfragan polas freitas...

O camión guiábao David. Xantaramos en San Martín de Queiroga, en cas do Vicente da Toca. Todo o viño que beberamos saíanos en grosas pingotas polo sarnizo abaixo... A iauga do viño, coido eu, pois o alcohol alampábanos os miolos. Entrambos levabamos as mangas das camisas refucidas. En canto a min, non faguía máis que enxogarme a testa co pano das nádegas, pois a suor dárame proício.



Como tizaba a *vella!*, como dicían por terras do Incio. Por riba dos cumiais azuis, aló na outra banda do Sil, víase fumegar a calixeira. En ningures se atopaba xente traballando nos eidos. Rombaba o motor do camión coma unha néspora alporizada. O vento arrincaba alustres de prata á follaxe das árbores.

Ao chegar a unha aldeia da orela do río, unha muller que levaba, pra se gorecere do sol, un paraugas aberto, atravesou a carretera. Axiña se esborrallou a súa moura figura na mesta sombra dunhas figueiras. Eu, cáseque non arreparara nila...

E dixo o David:

- Velaí a meiga de Torgán, que tanta sona ten en toda a comarca... Escoita iste conto...

En Torgán viviu moitos anos meu curmao Valerio, inantes de se ire pra as Américas. Alí casou coa Varisa, unha rapaza moi xeitosiña, por certo.

Unha vez arroubáranlle tres pitas, e foise cabo da meiga pra que lle dixera quen fora o raspiñeiro

A meiga faloulle diste xeito:

- Ben o debías saber ti, pois vivides porta con porta.

Entón dixo a Varisa:

- Así me leve o demo se non foi a Subela.



- A mesma- respondeu a meiga-. Vaite pra o sábado á feira de San Clodio, e alí verás as túas pitas. A moi lagarta tenas no faio, pechadas nunha capoeira, pra que ti non as vexas.

E sen máis nin máis, a Varisa apúxollas á Subela

Inantes de seguire, hei dicir quen era a Subela. A Subela era unha muller enxoita i esguía, moi larmeira, que falaba sempre engordião, con falas moi dóces. Era sutil coma o aire, i hastra lle arroubaba a un o pensamento se non tiña procuro de gardalo ben gardadiño... Bula pra ila!... E tamén arroubaba a honra ás xentes de ben, pois tiña unha lingua pior que o ferrete dunha cóbrega... Unha vez xuntáronse os mozos da aldeia, collérona i atárona espida a unha árbore, e sei que lle quixeron enzorretar os cais. Coas súas pescudas i as súas trapalladas, desfixera moitos noivados e moitos matrimonios... Coma di o Farón dos Novaes, Dios nos arrede das linguas *vespertinas*.

Bueno... Foise a Varisa á feira i alí viu á Subela, que tiña as tres pitas arroubadas metidas nun queipiño de bravádegos. As tres eran brancas e pinchadas de gris. Non lle dixo nada, mais metéuselle na testa a zunia de se vingare. Un día de festa convidouna á súa casa, e botoulle no viño auga de carabaña. Mais isto non foi ao caso...



Fora o que fora, a Varisa prometéralle á meiga un cabuxo que tiña. Mais despois pensouno millor, e como o cabrito valía máis que as tres pitas, inaque todas tres foran moi poñedoras, tan soio lle deu unha ducia de ovos.

Pois ben, unha vez que estaba a Varisa cosendo na solaina da súa casa, pasou por alí a meiga e berroulle:

- Non me quixeches dare o cabuxiño?... Pois hacho de comer os lobos!
E despois papexou unhas falas e fixo uns xogos coas maos.

A Varisa estaba soa na casa. O seu home e o seu fillo, Farruquiño, un rapacete de dez anos, saíran pola mañá cediño co carro a rozar o monte. Levaran carabela pra todo o día.

Colleu o cabrito e levouno a cas dun veciño que estaba cocendo o pan. Pregoulle que llo matara e que llo deixase asar no forno. Despois de feito isto, levouno pra a casa e meteuno nunha artesa, deixando a tapa aberta pra que non se lle derramara, logo de escorrentar os gatos da cociña. Pechou a casa e foise gadañar o outono. E coma sempre, deixou a chave debaixo do molexón, pra que lle fose doado ao seu home atopala cando voltara do monte...

Habería cousa máis graciosa que rirse dunha meiga? Inantes que o paparan os lobos, paparíanos iles... E pensou de convidala, pra que a burla fose de máis sona. Mais, así e todo, sentía boligar certo desacougo aló moi adrento.



Pola tardiña baixa voltaron do monte o Valerio i o seu fillo. Tiñan que faguer cáseque unha legua de camiño costa abaixo. Ao pasar ao pé dunha xesteira, o pequeno ouviu garniar. Meteuse antre as xestas, e pouco despois saíu de alí con dous lobecos pequechiños. Díxolle ao pai que os deixara levar á casa e crialos. Cousas de nenos... Hei de advertire que o rapaz fora criado con moito meco, por ser fillo único. O pai, despois de moitas voltas, dixo que si. E sen coidar que a loba podería saírlles ao camiño, pai e fillo iban moi ledos diante do carro cos dous lobechiños.

Chegaron á casa antre lusque e fusque, coma se di por eiquí. Namentras o pai dexuncía os bois, o pequerrecho foi buscar a chave ao molexón. Abriu a porta e botoulles leite aos lobecos nunha fonte de barro. Non sei se a lapexaron ou non. Despois, foi ao cabo do pai, a axudarlle a descarregar o carro.

Logo voltou a Varisa do prado. Era muller ben lizgaira, inaque a Subela dixese que parecía *un pello na sinsa*. Pai, nai e fillo puxeron pé prá casa dende o alpendre do cimo do horto, ondia deixaron o carro baleiro.

Na mesma soleira da porta da cociña estaban os dous lobecos, loitando a dentadas por quen se levaría o cabrito, xa esganifado, que sacaran da artesa.



Á Varisa cáseque que lle deu un súpeto. Antre prantos e salaios contoulle ao seu home todo o que lle pasara coa meiga. Iste, tamén lle contou como colleran aos dous lobecos no monte. Despois, botoulle a mao a un rodo... Foi cousa de poucos intres: golpe nun, golpe noutro, aos dous lles esfendeu as testas. I hastra lle deu unhas boas losqueadas ao neno porque empezara a bagoar, que cecais foran as primeiras que lambera do pai. E pra rematarse iste conto:

As meigas atinan sempre...

3.2. O CONTO LITERARIO

"O traxe de meu tío", ÁNXEL FOLE



Viviamos entón no campo, a unhas catro leguas de Lugo, nunha belida casa con horto e xardín. Xa había cinco anos que miña nai quedara viúva. Meus dous irmaos eran un pouco maiores ca min. Cando morreu o pai, a tía Ramona, que era mestra de escola no Páramo, veuse a vivir con nós.

Sempre me lembrarei daquela casiña onde vivimos unha gran tempada. Cando chegaba a primavera, milleiros de rosiñas brancas e roibas rubían polas vellas paredes ata o tellado. A mesta sombra dunha figueira daba sobor da solaina de mouroa pedra. Chirlaban as anduriñas, bébedas de ledicia; cochorras i auriolos puxaban a quen mellor asubiase. Daba groria estar sentado naquila solaina,



vendo esvarar as nubes polo ceo limpo, cheo de sosego, ollando os curatos dos montes lonxanos, á outra beira do río, envoltos no fume tremante da calixeira.

Lémbrome do que vou contar coma se pasase onte mesmo...

A tía Ramona era unha muller duns cincuenta anos, pequena e enxoita, que sempre andaba de acó pra aló moi atarefada e resolta. Levaba as contas da casa, que ía anotando en letra grande e picuda nunha axenda moi grande, de pastas roxas.

Tamén nos daba dúas ou tres horas de clase ao día. Cando nos trabucabamos ou non lle sabiamos a lección, pegábanos unhas carrachas na testa coa mao do revés. Sempre que se anoxaba lembrábase de que era mestra, e poñíase a falar en castelán, moi escollido, de moi finos xeitos. Era a primeira que se erguía na casa.

Cando facía bon tempo, ás seis da mañá xa estaba sacando auga do pozo pra regar as flores. Aínda parece que estou ouvindo dende o leito o longo renxindo da roldana, que atafanaba os rechouchíos dos paxaros. Despois, cunhas grandes tixeiras enfurruxadas, que faguían chin chin , poñíase a cortar rosas pra facer grandes ramos e levalos á eirexa.

Alá polas nove almorzabamos todos, no comedor, leite fresco con tarxa. Polas fiestras abertas entraban os ramos dos preguixeiros e das cerdeiras, i ata algún paxaro. Unha mañá atrapamos un piquelo que batira nun espello, botándolle as puchas i as chaquetas enriba, sen facer caso dos berros da nai e da tía. Metímolo nunha gaiola de bimbios.



O mesmo día que eu fixen dez anos, chamoume miña tía moi cediño pra que fose con ela á eirexa i ao cemiterio, e mais visitar ao tío Pepe, irmao de meu avó, que vivía isolado na súa vella casa da Folgueira, a un cuarto de legua da nosa. Había xa unha tempada que non saía de alí por estar enfermo do corazón. Fun con ela moi ledo porque estrenaba unhas botiñas marelas e un sombreiro de palla con unha cinta azul ondia se lía: *Acorazado España*.

Antes de saír da cas, díxome a tía:

- Mira onde pos os pés, pra non derramar as botiñas. Non sexa que leves unha losqueada. Ten moito coidado cós croios.

Eu fun todo o camiño ribeirando coma un cadelo, cacheando as silveiras, por ver se atopaba un niño, collendo carriolas; asubiando cos dedos na boca. A tía advertíame:

- Non brinques tanto, pequeno, que te vas esnafrar; deixa os lagartos; non tires o sombreiro ao aire.

Serían as dez da mañá cando entramos no cemiterio. Endexamais me esquecerei daquil tranquilo camposanto, arredor da eirexa, á sombra dos vellos concheiros, cheo de paz serea e grave.



O Lorán, un labrego que faguía de enterrador, estaba abrindo unha cova cun picachón de longo mango. Cabo dil tiña un porrón cheo de viño. Cada pouquiño achegábase ao porrón e botaba un trago. Era un home moi forte, de carrelo ancho e pouca perna. Canto mais bebía, con máis pulos traballaba. Aínda que non catara o leite, soía dicir:

- O leite i o viño fan do vello mociño.

Tan pronto como viu á miña tía, dixo:

- E moi buenos dias, dona Ramona... Xa saberá que a Garela de Cernandas hai oito dias que está no leito, tumbada de home.

Miña tia ollouno con carraxe asegún ía achegándose. Despois, sinalando a eirexa coa mao, díxolle:

- Tú siempre serás el mismo, Lorán. ¿Cómo te atreves a profanar con tales procacidades este sagrado recinto?

O Lorán, despois de empinar, cofouse a testa, guindando unha gargallada estourante:

- Sonlle cousas da vida, señora, sonlle cousas da vida.



E estaba moi risoño cando dicía isto. Eu, naturalmente, non entendía nada daquela conversa.

- A ver, Lorán- continuou a tía- se podes recoller as cinzas de meu pai, que están na sepultura do currecho, pra levalas ao nicho novo antes do domingo.

- Nada máis que mandar... Asina será feito, dona Ramona.

Miña tía entrou na eirexa pra poñer un ramo de flores no altar de San Antón, i eu fun coller balocas polos valados pra facelas estourar coas maos.

Saíu a tía Ramona da eirexa e puxémonos en camiño prá Folgueira. Aos vinte minutos xa estabamos diante da casa. Tivemos que cruzar unha esterqueira onde fozaban uns porcos, con moito procuro pra non meter as botiñas no ludrio.

Era a Folgueira a millor casa da aldea i a única que tiña galería. A min gostábame ir alí porque no comedor, enriba dun aparador de cerdeira, había un trabuco e dúas pistolas de bronce.

A cancela da horta estaba entreaberta. Por alí saíu un can ladrando, grande coma un xato. Era Lobeiro, meu gran amigo, o can de palleiro do meu tío.

- Ten coidado, non xogues con il, que pode estar doente- dixo a tía.

Lobeiro chantoume as patas dianteiras nos ombros, con risco de me derrubar, e teimaba por lamberme a cara.



Apareceron na porta da casa Farruco i a Nisclona, os dous criados do meu tío. Farruco era un mozo duns trinta anos, baixo, preto e forte; de poucas falas, cecais por ser medio tatexo. Sempre se vía traballando. Facía de hortelán e pastor.

A Nisclona era unha muller outa, que andaba polos corenta, chata, de ollos negros. Tiña moi mal xenio e sempre estaba rifando cos veciños. Era moi boa cociñeira. Ninguén coma ila facia o roscón pra as festas, a compota, o arroz con leite i outras lambetadas. Dician as malas linguas que se entendía co meu tío. Había xa quince anos que estaba na Folgueira. Viñera de Belesar.

Pronto chegamos ondia o tío Pepe. Pero antes de seguir adiante hei de dicir que era o tío que eu máis quería. Ía a Lugo tres ou catro veces ao ano, "pra recordar os meus bos tempos de mozo farrista", coma il dicía. Ademais, contábame fermosas historias de piratas e negreiros, alá polo mar do Caribe. Vivira en Cuba máis de vinte anos. Gostáballe moito a boa vida. Despois de xantar, nunca lle faltaba o seu café i a súa copa. Aparecía sempre nas romarías vestido de branco, co xaruto nos beizos i o magnífico *panamá* cubríndolle a testa. Era moi ledo de seu e as súas bromas e chuscadas tiñan gran sona en dúas leguas á redonda. Ensinara a bailar a rumba a tódalas mozas e mozos das aldeas do concello.

Dende que cumprira os setenta anos xa non saíra ás festas, i os derradeiros meses, con setenta e tres xa ás costas, non botaba o pé fóra da casa. Non embargantes, aínda camiñaba dereito coma un fuso. Eu sempre o recordei coa cabeleira branca.



Rubimos por unha escaleira escura ata a galería, ondia estaba sentado meu tío nun gran butacón. A Nisclona ía diante. Logo, deixounos e foise para a cociña, arrenegando de non sei que.

- Que traguedes por eiquí?- dixo o tío Pepe-. Sentádevos.

- Ai, meu tío!- dixo a tía-, non pasa un ano por vostede. Sempre tan rufo.

Ergueuse do seu asento o tío, deume un bico na fronte e corexoume as fazulas.

- Canto medraches! Xa estás feito un mozo. E imitas moito ao teu avó, o maior da miña irmandade, despois de Rosa, que teña tamén Dios na gloria.

A tía Ramona arrastrou a silla, achegándose ondia estaba meu tío, que acababa de sentarse. Decateime de que tiña algo de intrés que dicirlle, porque ollou en redor seu pra asegurarse de que ninguén escoitaba.

- Bueno. Non hai naide. Voulle contar, tío Pepe, unha visión que tiven ista noite, que me fai cavar moito.

- Conta, muller, conta.

- Verá. Era xa cerca do abrente cando me espertou o canto da curuxa. Naquil intre, non sei por que fixeime nas portas do armario que está fronte ao meu leito. De sutaque, abríronse de par en par, sen facer ruído. O medo cualloume o sangue. Coma llo conto, tío, coma llo conto!

Ao chegar eiquí, comezou a bagoar. Despois seguiu:

- Tamén se abriu a fiestra sen que naide lle tocara. Saíu do armario un traxe finchado, gris, a raias, coma se tivese un home sen cabeza nin pés. Entende? E saíu voando pola fiestra, de cara á lúa, moi amodiño. Que queredes dicir isto?

Ao cabo de dous minutos de silencio, meu tío respondeu:

- Iso quere dicir, Ramona, que vou morrer, que me acenan dende o camposanto.

- Non diga tal, meu tío, non diga tal!

- Déixame rematar. Ou millor, començar. Xa verás ti... Recén vido de Cuba, teu pai e mais eu fomos a Lugo, polo San Froilán. Mercáramos unha peza de pano gris, a raias, pra dous traxes, un pra il i outro pra min, que nos custara vintecinco pesos. Empeñouse en que estrenariamos os dous traxes pola festa do San Martiño. Dous meses despois morría teu pai. Foi á terra con aquil traxe. Eu non quixen vestir xa máis o meu. Alí está, colgado no armario do corredor.

Ergueuse da butaca e dixo:

- Agora vaite, e non matines máis niso.

Había voltura. Cando saímos da Folgueira començou a barbañar. Andabamos moi a présa. A choiva, manseliña, resoaba nas follas dos castiñeiros.

Eu facíalle moitas preguntas á tía Ramona, que ía bagoando e rezando silandeiramente:

- Por que chora tanto? Ten medo que morra o tío? E por que vive tan soíño?



A tía soio me contestaba:

- Cala, rapaz. Vas lamber un cutifón.

Aquila mesma noite, cando nos acababamos de deitar, petaron á porta com grandes petos. Ouvimos dicir a berros a Farruco, o criado do meu tío:

- Érganse e veñan á Folgueira comigo, que don Pepe está moi maliño e teño que ir buscar o médico á Puebla.

A nai i a tía botáronse do leito e foron abrir a porta. Os pequenos non nos erguimos, pero escoitamos o que Farruco lles dicía:

- Hai dúas horas que lle deu un repente, despois de cear, i está moi maliño. Cando eu saín da Folgueira quedaba ouveando o Lobeiro.

Falou miña nai:

- Ímonos á Folgueira. É mellor que vaias chamar tamén ao crego. Non fagades ruído, pra que non esperten os pequerrechos.

Sentimos pechar a porta. Tirámonos dos leito e fitamos pola fiestra, espidos e todo. Repinicaba a choiva no tellado. Farruco ía diante cun farol aceso. Levaba unha capa de xuncas. Detrás ían as mulleres baixo un paraugas moi grande. Os zocos de Farruco cloqueaban no bulleiro. Lonxe, moi lonxe, ouveaba un can. Coiodamos que seria o Lobeiro...



Despois buscamos os mistos i acendimos o candil. Metémonos todos nun leito, e falamos moito pra espantar o medo.

Cando voltou da Folgueira nosa nai, ás nove da mañá, soubemos que morrera o tío Pepe. Non o vimos de corpo presente, pero a tía Ramona díxonos que fora amortallado co traxe que tiña colgado no armario do corredor dende había moito tempo.

3.2. O CONTO LITERARIO

Do libro *Os outros feirantes*, de **ÁLVARO CUNQUEIRO** escollemos un relato, no que tamén podemos ver a pegada dos nosos contos populares, aínda que sempre con elementos cultos e trazos estilísticos moi depurados:

- ❑ Cunqueiro fai unha orixinal mestura de realidade e fantasía .
- ❑ O autor utiliza técnicas propias da narración realista , con recursos propios da tradición oral:
 - ✓ Apelacións ao lector.
 - ✓ Uso de alcumes e nomes populares.
 - ✓ Referencias xeográficas concretas.
 - ✓ Incisos do narrador.
- ❑ Nos seus contos aparece unha rica galería de personaxes, tanto do imaxinario colectivo (meigas, fadas, ánimas, ananos...) como do mundo rural ou vilego galego (campesiños, feirantes, tendeiros, emigrantes, cregos,...)

3.2 O CONTO LITERARIO

"Aurelio e maila xitana", Á. CUNQUEIRO



Aurelio, un tal dese nome que era veciño de Boimorto ía a primeira hora do serán dun día de decembro camiño de Melide, onde había de coller o autobús de Freire, que fai a liña de Lugo a Santiago, cando no medio e medio do atallo aparecéuselle unha xitana. Está ben dita a verba "aparición", porque a xitana plantouse diante do Aurelio como se xurdise da terra mesma. E non era unha xitana calisquer, que vestía como bailarina de tablado e recollía a cola coa man esquerda, non se lle manchase coa lama do camiño.



Era moi fermosa, e lucía colares e pulseiras, que semellaban ser de prata de lei. A xitana, digo, plantouse diante do Aurelio, e falando como soen os da súa raza, preguntoulle:

- ¿Te la digo, resalao?

Aurelio respondeulle que non señora, e que levaba moita présa, pro a xitana poñíasele diante e non lle deixaba seguir camiño.

- Por dos pesetas te echo un baile, galán!

Aurelio tiña medo de perder o coche, e apartou, quizabes algo desconsiderado, á xitana.

- Déixame, coño!

A xitana púxose de pé no ar:

- ¡Toda esta falta de respeto me la vas a pagar en quesos!

Aurelio apurou o paso e chegou a tempo de coller o coche de Freire. Dous días despois, cando voltou de Santiago a Boimorto, atopou á súa muller á porta da casa, chorando a bágoa viva. Conto como el contaba o suceso ao boticario de Melide, Taboada Roca, e ao xuíz Raimundo Aguiar, por non citar máis que dúas persoas de respecto. A muller choraba, arrodeada de veciñas. Aurelio e maila muller facían moi bos queixos, que os mandaban por un tratante dende Curtis a unha tenda de Vigo, da viúva dun tal Melchor.



A causa dos choros da muller era que tendo preparados dezaioito queixos pra mandar ao día seguinte á feira de Curtis, entraron supetamente na cociña dúas ducias ou máis de ratos negros, brincadores e famentos, e sen medo aos presentes, nin a can nin a gato, botáronse aos queixos e coméronos nun santiamén. Non valeron de nada berros nin vasoirazos, nin que ladrase o can, que se puxo como tolo, nin botarlles un caldeiro de auga fervendo. Os ratos comeron os queixos e fóronse.

O castigo da xitana: "¡Ya me lo pagarás en quesos!"

En Boimorto, según dicía, estaban divididos os pareceres. Uns coidaban que se cumprira a maldición calé e outros, que non. E un veciño comentou que, ao mellor, a xitana era a mouroa gardadora dun tesouro que había nun castro veciño, e que tiña saído a probar a Aurelio, o cal, por un peso que lle dera, a xitana botaríalle a boaventura, dándolle de paso as señas do tesouro. Esta opinión pareceu a moitos a máis sensata, e foi ao cabo do tempo a que prevaleceu. Aurelio e maila muller andaban tristes. Aurelio saía de paseo nos seráns de inverno, amosando nos dedos da man dereita unha moeda de cinco pesetas. Ía cara a Melide ou Teixeiro, deixaba caír a moeda no chan, baixábase a recollela, pro endexamais volveu aparecer a xitana.

3.2. O CONTO LITERARIO

Imos ler agora un relato de *Dos arquivos do trasno*, de **RAFAEL DIESTE**, .

Dieste é outro dos nosos clásicos. A súa obra tamén se desenvolve neses dous planos, o da realidade e o da fantasía ou do sobrenatural. Os seus relatos lembran os contos populares galegos, orais:

- ☐ pola súa estrutura .
- ☐ pola súa temática: volve aparecer a morte, o misterio,,...
- ☐ pola variedade de personaxes populares: nenos, vellos, mariñeiros, vagabundos,...
- ☐ pola atmosfera e tensión que crea o narrador.

3.2. O CONTO LITERARIO

" Sobre da morte do Bieito", RAFAEL DIESTE

Foi preto do camposanto cando eu sentín buligar dentro da caixa ao pobre Bieito. (Dos catro levadores do cadaleito eu era un). Sentino ou foi aprehensión miña? Entón non podería aseguralo. Foi un rebulir tan maino!... Como a teimosa puvulla que rila, rila na noite, rila de entón no meu maxín afervoadado aquel mainiño rebulir.

Pero é que eu, meus amigos, non tiña seguranza, e polo tanto
- comprendede, escoitade- polo tanto non podía, non debía dicir nada.



Imaxinade nun intre que eu dixese:
- O Bieito vai vivo.

Tódalas testas dos velliños que portaban cirios ergueríanse nun babeco aglaio. Tódolos pícaros que viñan estendendo a palma da man baixo o pingotear da cera, virían en remuíño ao redor meu. Apiñocaríanse as mulleres a carón do cadaleito. Escorregaría por tódolos beizos un murmurar sobrecolleito, insólito:

- O Bieito vai vivo, o Bieito vai vivo!...

Calaría o lamento da nai e das irmás, e axiña tamén, descompasándose, a gravadosa marcha que planxía nos bronces da charanga. E eu sería o gran revelador, o salvador, eixo de tódolos asombros e de tódalas gratitudes. E o sol na miña face cobraría unha importancia imprevista.

Ah! E se entón, ao ser aberto o cadaleito, a miña sospeita resultaba falsa? Todo aquel magno asombro viraríase macabro e inconmensurable ridículo. Toda a arelante gratitude da nai e das irmás tornaríase despeito. O martelo espetando de novo a caixa tería un son sinistro e único na tarde estantía. Compreendedes? Por iso non dixeran nada.

Houbo un intre en que pola face dun dos compañeiros de fúnebre carga pasou a insinuación leviá dun sobresalto, coma se el estivese a sentir tamén o velaíño buligar.

Mais non foi máis que un lampo. De seguida ficou sereno. E non dixeran nada.

Houbo un intre en que case me decidín. Dirixinme ao da miña banda e, acobexando

a pregunta nun sorriso de retrouso, insinuei:



- E se o Bieito fose vivo?

O outro riu picaramente coma quen di: "Que ocorrencias temos", e eu amplifiquei adrede o meu falso sorriso de retrouso.

Tamén me vin a rentes de dicilo no camposanto, cando xa pousaramos a caixa e o crego requeneaba.

"Cando o crego remate", pensei. Mais o crego acabou e a caixa descendeu á cova sen que eu puidese dicir nada.

Cando o primeiro cadullo de terra, bicado por un neno, petou dentro da cova nas táboas do ataúde, rubíronme ata a gorxa as verbas salvadoras...Estiveron a punto de saír. Mais entón acudiu novamente ao meu maxín a case seguranza do arrepiante ridículo, da rabia da familia defraudada se o Bieito se topaba morto e ben morto.

Ademais o dicilo tan tarde acrecentaba o absurdo desorbitadamente. Como xustificar non o ter dito antes? Xa sei, xa sei, sempre se pode un explicar! Si, si, si, todo o que queirades! Pois ben... e se tivese morto despois, despois de o sentir eu remexerse, como quizais puidese adiviñarse por algún sinal? Un crime, si, un crime me ter calado! Oíde xa o rebumbio da xente...

- Pediu auxilio e non llo deron, malpocado!

- El sentía chorar, quíxose erguer, non puido...

- Morreu de espanto, saltoulle o corazón ao se sentir descender na cova...

- Velaí o tendes, coa cara torta do esforzo!
- É ese que o sabía, tan campante, aí a surrir coma un pallaso!
- É parvo ou que? Todo o día, meus amigos, andei tolo de remorsos.

Vía ao pobre Bieito grafiñando as táboas nese espanto absoluto, máis alá de todo consolo e de toda conformidade dos enterrados en vida. Chegoume a parecer que todos lían nos meus ollos adurmiñados e lonxanos a obsesión do delito.

E alá pola alta noite - non o puiden evitar - funme camiño do camposanto, coa lapela subida, ao arrimo dos muros.

Cheguei. O cerco por unha banda era baixiño: uns sebos mal postos, apreixados por hedras e silveiras. Paseino e fun dereito ao sitio... Deiteime no chan, apliquei a orella, e axiña o que oín xeoume o sangue. No seo da terra unhas unllas desesperadas rabuñaban nas táboas. Rabuñaban?... Non sei, non sei. Alí preto había un sacho... Ía xa cara a el cando fiquei suspenso. Polo camiño que pasa a rentes do camposanto sentíanse pasadas e rumor de fala. Viña xente. Entón si que sería absurda, tola, a miña presenza ali, daquelas horas e cun sacho na man. Ía dicir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo?

E fuxín coa lapela subida, pegándome aos muros.

A lúa era chea e os cans ladraban lonxe.

- 
- **CURTAMETRAXE " *Os difuntos falaban castelao*":** baseada nun relato literario de Fole.

ARGUMENTO: Nunha aldea galega, na noite de defuntos, un mozo cítase coa súa noiva no cemiterio para fuxiren xuntos. Os veciños da aldea que pasan polo camposanto nese momento, escoitan unhas estrañas voces que falan castelán.

<http://www.youtube.com/watch?v=AGIMx4z5-tQ>

3.3. A LENDA

- Termo procedente do latín *legenda*, "o que debe ser lido".
- Narración que se pretende certa. Conta uns feitos como un *sucedido* real, verdadeiro, pero que teñen máis de fantásticos que de históricos..
- Combina, logo, realidade e ficción. Nela aparecen elementos maravillosos ou fantásticos, pero relacionados cun lugar e unha época determinados.
- Froito da imaxinación popular.
- De transmisión oral, de xeración en xeración, aínda que tamén hai lendas literarias, escritas por autores coñecidos.
- Transmite a cosmovisión da sociedade na que aparece se difunde.
- Xira arredor de personaxes fantásticos, seres con poderes e cualidades extraordinarias e sobrenaturais, e ás veces serve para explicar a orixe de lugares, de topónimos, de monumentos, de cidades,...

3.3. A LENDA

CLASIFICACIÓN TRADICIONAL DAS LENDAS:

Vicente Risco clasificounas en 3 tipos:

1/ Haxiográficas

2/ Históricas

3/ Etiolóxicas

3.3. A LENDA

1/ **HAXIOGRÁFICA**: a que reflicte algún feito lendario da Virxe, dos Santos ou de Xesucristo. Por exemplo, esta do cambio dos santos de Lanzós e Santabaia que podedes escoitar nesta gravación:

<http://www.aelg.org/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=578>

2/ **HISTÓRICA**: a que destaca algún feito do pasado histórico reinterpretado a nivel popular. Imos escoitar a de Pardo de Cela:

[http://www.galiciaencantada.com/dentro.asp?c=45&id=1499&n=gerg_\[audio_53.mp3\]_un_mito_na_memoria._o_mariscal_pedro_pardo_de_cela](http://www.galiciaencantada.com/dentro.asp?c=45&id=1499&n=gerg_[audio_53.mp3]_un_mito_na_memoria._o_mariscal_pedro_pardo_de_cela)

3.3. A LENDA

3/ **ETIOLÓXICA:** a destinada a explicar a orixe dunha construción nun determinado lugar, dun feito, dun topónimo,... Vexamos unha versión da lenda da Pena de Miguel.

Esta lenda di que baixo as augas desta zona do río Madalena ao seu paso por Vilalba, podíase dar cunhas reixas que pechaban um pasadizo subte'ráneo com orixes no castelo da vila, utilizado polos mouros para levar beber oas seus cabalos e gardar o seu prezado tesouro.

3.4. ALGÚNS SERES MÍTICOS GALEGOS

- O mito é unha peza narrativa que narra fenómenos extraordinarios.
- Xorde nos pobos da Antigüidade - os tempos de María Castaña- para buscar resposta ás preguntas que o ser humano se fai sobre o mundo ou a súa existencia.
- O mito fala das orixes das cousas, trata das crenzas máis fondas dunha comunidade.
- Comparte coa lenda a súa pretensión de autenticidade.
- Os nosos seres lendarios son os habitantes imaxinarios da Galiza, dese mundo encantado, marabilloso, extraordinario, que se sente cada día, en cada costume e tradición, en cada rincón da nosa terra... Vexamos algúns:

- o Son seres humanos que foron encantados, ás veces polos propios pais.
- o Ou ben son seres encantados pola súa propia natureza (mouros, mouras, ananos, xigantes, tesouros...)
- o Teñen propiedades máxicas, pero están condenados a permanecer nun determinado lugar por milenios ou para sempre.
- o Dise que só os poden ver as mulleres e os inocentes, e que sempre son sinal de tesouro.



Un dos encantos é A GALIÑA COS PITOS DE OURO, que saen de madrugada en sitios afastados. Se entre os pitos hai un de cor branca, é unha dona que quere ser desencantada. Soe ser indicio de tesouros encantados, aínda que ás veces é ela mesma o tesouro. Se non o é, hai que desencantala cuspíndolle ou botándolle unha:: un mozo solteiro e valente cubre a galiña cunha pucha, e dálle un bico na boca á serpe, que é no que se converte o encanto para asustalo, antes de tomar a forma definitiva dunha muller verdadeira. Se o consegue, acada de vez esposa e riqueza.

Ananos e xente cativa

- o Seres miúdos que aparentan ser vellos de longas barbas brancas.
- o Viven soterrados baixo os castros e mámoas, gardando os seus tesouros.
- o A xente cativa, aínda máis minúscula que os ananos, aborrece o trato cos humanos. Só saen á superficie pola noite.

Xigantes

- o Son seres con moi mal xenio que tamén gardan tesouros e transportan enormes penedos.



A Santa Compañía

- o Procesión de defuntos ou ánimas en pena, que sae ás 12 da noite e vai polos camiños en dúas ringleiras, cantando o miserere. Levan candeas ou ósos ardendo, un caldeiro con auga bendita e unha campaiña.
- o Penan en espera de entrar no outro mundo porque teñen algunha cousa pendente de facer aquí. Segundo a tradición, veñen recoller a alma dalgún veciño que vai finar esa noite
- o Á súa fronte vai un vivo, que é quen leva a cruz, e da cal se libra só se consegue pasarlla a outra persoa. Tamén pode ir diante a Estadea, esquelete ou pantasma xigante, que ás veces tamén se presenta soa.
- o Quen bate coa Compañía está en perigo. Para defenderse un diante da súa visión, debe facer no chan un círculo, a ser posible cunha vara de oliveira bendita, e meterse dentro del.

- o Segundo a tradición, só poden ver a Santa Compañía: os que foron bautizados cos óleos dos defuntos por equivocación, os que teñen unha cruz no veo do padal, os sétimos ou novenos fillos se non hai irmáns no medio do outro sexo, os nados na noite de Nadal ou de Venres Santo...
- o Se hai alguén ao seu lado que non sinta a súa presenza e lle toca ao que si a sente, tamén pode notala.



O lobo da xente

- o Normalmente, un home ou muller poden verse obrigados a tomar forma de lobos e andar coma eles por un fado ou maldición dos pais, por meigallo ou envexa, ou polas mesmas razóns que a visión da Santa Compañía: ter nacido na noite de Nadal ou na de Venres Santo, ser o sétimo ou noveno fillo sen ter irmáns de distinto sexo no medio.
- o Ese estado remata só cando acaba o tempo do fado ou tamén se alguén os fere cunha pedra ou arma punzante, ou ao queimarlles a pelica.



Mentras andan como lobos, só lles fan dano ás persoas, non aos animais.

Mouros e mouras

- o Dise que habitaron estas terras, nun tempo lonxano pero indeterminado, e que foron expulsados por Carlomagno, deixando aquí os seus tesouros.
- o Son un pobo máxico, que vive encantado en lugares vinculados ao pasado ou en lugares onde non é posible a vida humana (baixo terra, baixo os castros, mámoas ou penedos), nun complexo labirinto de covas, túneles, minas,...que comunican a miúdo cun río, pozo, lagoa, fonte.
- o Son máxicos, pero tamén fan algunhas actividades propias dos labregos: compran nas feiras, fían, lavan a roupa, e gústalles a vida nocturna. Normalmente teñen unha cor negra ou terrosa, pero ás veces son louros e brancos.
- o Nos seus escondites gardan unha chea de tesouros e riquezas. Os mouros soen ofrecer o seu ouro a cambio dalgún favor ou traballíño, sempre co compromiso de que se lle garde segredo. Ás veces raptan rapazas para encantalas, ou nenos.

O urco

- o Can enorme, con grandes cornos e orellas e con características demoníacas, que soe verse ouveando e laiando nas escuras noites de treboada.
- o Dise que vive nalgún lugar baixo o mar e velo é agoiro da morte.



As lumias

- o Seres con cara de muller fermosa e corpo de dragón. Viven en covas á beira dos camiños. Só se lles aparecen aos homes, de noite, lavando ou fiando cunha roca de ouro.

- o As mouras son mozas fermosísimas e sedutoras, encantadoras. Lavan, tecen, fían, peitean os seus cabelos rubios co seu peite de ouro sobre unha pena, á beira dunha fonte,... e sacan os seus obxectos de ouro ao sol.
- o Aos camiñantes que pasan por alí fanlles preguntas ou pídenlles que elixan o obxecto que máis lles gusta. Pero hai que ter coidado de acertar coa resposta, de non escoller as tesoiras (símbolo do destino) ou de seguir as súas instrucións (soen ser non mirar atrás, non contarlle a ningún o encontro,...) para que o ouro non se convirta en carbón.
- o Outras veces cítanse cos humanos para o día seguinte, pero aparece no seu lugar unha cobra que lles pide un bico para ser desencantada.



Os desencantamentos fracasan
sempre pola torpeza de quen o intenta.

Os biosbardos

- o Ninguén sabe como son... pero seica dá boa sorte cazalos. Para iso, débese ir cun saco de boca ancha, en noite escura, até un lugar afastado das casas e invocalos:

*Biosbardo,
vente ao saco.*

- o Quen o consiga terá boa sorte en todo o que emprenda.



Fatiart.

Os trashos

- o Son especialistas en facer trasnadas, bromas, falcatruadas, ou sexa, en amolar sen descanso pero sen causar grandes desgrazas: espantar animais, atarlle á xente os cordóns dos dous zapatos, bater nas portas, dar couces, facer ruídos no faiado, agochar as cousas...



- o Sóense representar como homiños pequenos, saltaríns, con longas barbas e pucho encarnado, case sempre coxos e coa man esquerda furada. ... pero ás veces collen outras formas: ovella, gato negro ou verde,
- o Combátense acendendo a luz ou bendicindo a casa.

As bruxas



- o Teñen poderes e coñecen receitas para causar dano. Todos os días teñen que facer algún mal: enfermarse gando, secar colleitas, botar o mal de ollo ... Poden transformarse en curuxas, moscas ou gatos, por exemplo.
- o Pódese ser bruxa por nacemento (sétima ou novena filla dunha familia na que non haxa varóns), por herdanza ou por un pauto co demo. Reúnense co demo en aquelarres nas noites de sábado e na noite de San Xoán, para pedirle consello.

As meigas

- o Son o mesmo que as bruxas, pero as meigas tamén poden facer conxuros nun sentido positivo (por exemplo, poden ser curandeiras).
- o O MEIGALLO ou MAL DE OLLO é o feitizo ou mal que as meigas lles causan ás persoas, animais, plantas, froitos, colleitas. Aínda que hai quen di que calquera persoa pode causar o mal de ollo, sinxelamente polo feito de mirar as cousas e as persoas con envexa ou mala intención.
- o Contra o mal de ollo e o meigallo hai remedios como levar canda un: pirixel, allo, ruda, unha pata de coello, unha figa de acibeches ou os cornos dunha vacaloura,,, Do contrario, para espantalas abonda con facer os cornos coa man, chantar unha navalla no chan ou, no caso dos homes, sacar a camisa fóra do pantalón.



- Aquí tedes unha *curtametraxe de animación* que recrea a lenda da meiga chuchona, unha meiga nocturna que entra nas casas e zuga o sangue aos nenos ou aos maiores, que se van ensumindo e morren esmirriados, "*A meiga chuchona*" :

<http://youtu.be/90cEsCZWkCo>



O chupa-sangues

- o É un home que agarda nos camiños escuros aos nenos que volven da escola e se entreteñen polo camiño. Mátaos e chúchalles o sangue todo.

O home do saco

- o É un home alto, forte, desastrado, cun saco ao lombo no que leva aos nenos para facerlles quen sabe que maldades.



Pedro Chosco

- o É o encargado de facer durmír aos nenos con suaves aloumiños. É un home de idade, sorrinte, de longas barbas brancas e de maneiras dóces, que entra polas fiestras dos cuartos ao caer a noite, cando a xente empeza a toquear.



O sacalúntos

- o Relaciónase cun boticario que vai cun saco ao lombo para meter nel aos nenos malos e sacarlles o unto para facer menciñas ou vendelo.



As luciñas

- o Luces que se ven de noite, apagándose e acendéndose, movéndose sen parar.
- o En realidade, son ánimas en pena de persoas que morreron alí mesmo onde son vistas, sempre por violencia ou desgraza.
- o Só poden velas as persoas que non coñecen o medo ou aquelas que ao seren batizadas, os seus padriños trabucáronse ao rezar o Credo.

Os agoiros

- o Anuncian males e desgrazas.
- o Por exemplo, son agoiros da morte : o cheiro a cera; os ouveos dos cans ou dos lobos, que lembran os choros dos parentes no velorio e no enterro; o moucho, a curuxa, o corvo ou a pega.


As xacias

- o Seres fantásticos moi fermosos que viven nos ríos e nos pozos máis profundos. Levan os mozos á perdición.



As sireas

- o Seres fantásticos con busto de muller e corpo de peixe. Atraen os mariñeiros coa súa voz, sedúcenos e fanos afogar.
- o *A Maruxaina* foi unha delas e agora os mariñeiros de San Cibrao tráena a terra todos os anos para xulgala.



Os nubeiros

- o Seres que teñen moitas veces aparencia humana (aprendices de meigas) e soben até as nubes para provocan as treboadas, causando estragos nalgúns lugares.
- o Os seus inimigos son as campás e os cregos esconxuradores, que, co libro de ler e desler son capaces de desfacer o maleficio



As lavandeiras

- o Son mulleres condenadas a lavar eternamente roupa lixada de sangue que nunca se vai, sangue dos seus fillos mortos (lavar o destino).
- o Traen mala sorte. Vense de noite, lavando nas fontes ou lavadoiros. Se ven un home, pídenlle que lles axude a retorcer as sabas e aquel que o faga no mesmo sentido ca elas, morrerá.



Os demos

Hai toda unha xerarquía de demos:

- o O seu xefe é o DEMO MAIOR (Satán, Lucifer, Luzbel, Belcebú...), que coxea. Disfrázase de castrón, de carneiro negro, de ser horrible con rabo ou ben de señorito, e nese caso fala castelán.
- o Os DEMIÑOS son seres diminutos con pantalón vermello. Gárdanse nunha caixiña e obedecen aos seus propietarios, cumprindo os seus desexos.
- o Os DEMACHIÑOS son demos familiares, case microscópicos, invisibles, maliciosos, aliados das bruxas, que producen meigallos e enfermidades coándose entre a comida ou no cuspe e meténdose no corpo da xente. Pero só as bruxas máis poderosas teñen a caixa dos demanchiños e aliméntanos con carne de pita, leite e sangue.
- o BRANCAFLOR: é a filla menor e axudante do demo.

